

Convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) polo que se lle concede unha subvención autonómica a este, para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable, durante os anos 2025, 2026 e 2027

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, María José Gómez Rodríguez, Conselleira do Medio Rural, segundo o Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73) polo que se dispón o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en virtude das atribucións que se lle confiren no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, Rosendo Luis Fernández Fernández, presidente do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (Inorde), elixido polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense en sesión celebrada en data 03 de agosto de 2023, e en virtude das facultades que se lle outorgan no artigo 12 dos estatutos deste organismo autónomo administrativo, dependente da Deputación Provincial de Ourense.

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

No mes de novembro de 2008 inaugurouse o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, que ten entre os seus obxectivos facer inventario e tipificación dos soutos da montaña ourensá para mellorar a súa xenética, investigar as enfermidades do castaño e todas as pragas que o atacan, así como favorecer a constitución e xestión de asociacións forestais e outras actividades en materia de xestión forestal sustentable.

O 1 de abril de 2016, o concello de Riós solicitou ao Inorde a cesión das instalacións do Edificio Centro Agroforestal, situado no concello de Riós.





A Comisión Executiva do Inorde, na súa sesión do 5 de agosto de 2016, autorizou ao concello para o uso do Centro de Desenvolvemento Agroforestal, co fin da xestión de dito centro e a realización das seguintes funcións:

- a) Prestación de servizos de asesoramento técnico aos produtores de castaña, entre outros
- b) Realización de accións formativas.
- c) Seguimento e coordinación das tarefas de cultivo e experimentación desenvolvidas nas parcelas experimentais do Inorde.
- d) Impulso e fomento das diferentes actividades relacionadas coa castaña.
- e) Servir como referencia entidades relacionadas coa produción forestal.
- f) Calquera outra relacionada cos fins propios do centro.

A autorización concedeuse en exclusiva por un prazo máximo de catro anos, prorrogables por un período de catro máis, por acordo expreso do Inorde. O 15 de abril de 2019, o concello de Riós solicitou prórroga da cesión das instalacións do Edificio Centro Agroforestal de Riós.

A Comisión Executiva do Inorde, na súa sesión extraordinaria do día 12 de marzo de 2020, acordou prorrogar a autorización ata o 30 de maio de 2022, nas mesmas condicións.

O 5 de abril de 2022, o concello solicitou unha nova prórroga ata 31 de decembro dese ano. Con base nesta cesión, o 19 de xullo do 2022 foi asinado un convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (en adiante, DXPOF), a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e o concello de Riós para regular a actividade do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, con data de vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Unha vez finalizada a prórroga de cesión das instalacións, o 1 de xaneiro do 2023 o Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde (anteriormente, Centro Agroforestal de Riós) pasa a reintegrarse de novo na estrutura do instituto. Así mesmo, para asegurar a continuidade e a optimización das funcións do centro e o persoal técnico e administrativo asociado a el (2 técnicos enxeñeiros A2 e un administrativo C1), incorporouse tamén á estrutura daquel.

O 6 de xullo de 2023 asínase un convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da DXPOF, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria, a Axencia Galega de Industria Forestal e o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) para regular a actividade do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós con data de vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

A identificación, restauración e promoción da xestión activa dos soutos segue a requirir dun especial apoio técnico aos titulares das explotacións, tanto nos aspectos produtivos como de





ecoloxía, pragas e doenzas que teñen un complicado manexo e que convén ter vixiadas realizando un seguimento intensivo.

Ao tempo, a aprobación do Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica, as modificacións da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, e a entrada en vigor da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, establecen un novo marco legal que posibilita a xestión activa dos soutos e das masas de frondosas autóctonas e que precisa dun forte impulso especializado para a súa implantación no territorio.

Ademais, o Programa Estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña, aprobado polo Consello da Xunta o 25/05/2022, con vixencia ata 2040 e avaliacións cada cinco anos, no seu Eixe de intervención 2, Investigación, transferencia e apoio ao sector viveirístico, na súa actuación EI2_3. Canles de comunicación entre Administracións públicas, centros de investigación, os viveiros e o tecido empresarial, inclúe o reforzo do labor realizado polo Centro de Desenvolvemento Agroforestal para avanzar cara á caracterización e tipificación dos soutos da montaña que permita mellorar a súa xenética, investigar as enfermidades do castiñeiro e as pragas que o atacan. En particular, fixa como indicador da execución para os anos 2022 a 2025, o mantemento do convenio de colaboración co citado Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde (Ourense).

En todas estas tarefas e indicadores de execución o centro resulta ser unha peza fundamental para o desenvolvemento das actuacións previstas, para os titulares dos soutos e das masas de frondosas autóctonas.

É por estas razóns polas que o Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde neste ano ten previsto continuar co desenvolvemento dun programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión activa dos soutos tradicionais de castiñeiros, con especial fincapé na promoción de agrupacións de propietarios para a xestión conxunta sobre figuras de base asociativa, civil ou mercantil e na loita contra as doenzas do castiñeiro. Ademais inclúe entre os seus obxectivos promover a xestión activa das masas de frondosas autóctonas.

Por outra parte, de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural a esta, a través da DXPOF, correspóndenlle estas competencias:

- O impulso da xestión forestal activa e multifuncional do monte galego, cumprindo cos criterios de sustentabilidade, mediante o fomento, segundo a lexislación vixente, da redacción dos instrumentos de planificación, de ordenación e de xestión forestal e o seu seguimento e control, e a actuación coordinada coa Axencia Galega da Industria Forestal no impulso da actividade económica asociada ao sector forestal.
- O fomento da agrupación e o asociacionismo forestal e desenvolver a figura da silvicultura activa. O apoio á xestión forestal sustentable e a silvicultura, para garantir a





obtención das diferentes producións forestais en cantidade e calidade, co fin de fornecer a importancia da contribución do sector forestal galego á bioeconomía e á xeración de emprego sustentable, dun xeito especial, no medio rural.

- Velar polo coñecemento do medio forestal, baseado nunha información estatística actualizada, e promover a divulgación da cultura forestal.
- O desenvolvemento, dentro das súas competencias, das medidas que se consideren oportunas para garantir a protección dos bosques das ameazas bióticas e abióticas, empregando métodos de loita integrada contra as pragas e enfermidades e impulsar a silvicultura como ferramenta básica preventiva para mellora do estado fitosanitario das masas forestais.
- A promoción de accións cara a un marco social cooperante coa xestión forestal sustentable que implique o recoñecemento da importancia do traballo dos propietarios e xestores forestais e a súa achega á conservación dos ecosistemas forestais.
- O control e certificación de sementes, materiais forestais de reprodución e producións forestais. Favorecer a produción de materiais forestais de reprodución de categorías superiores e nas cantidades necesarias para obter produtos de alta calidade.

A Consellería do Medio Rural é consciente da necesidade de desenvolver o sector primario sobre todo en zonas cun enorme potencial forestal e agrícola, cunhas novas oportunidades de creación de emprego e rendas a través da xestión activa dos soutos de castiñeiros. Sobre todo en zonas como estas, desfavorecida, de alta montaña, cunha poboación envellecida, onde calquera axuda ou apoio para o desenvolvemento das potencialidades da zona é absolutamente prioritaria e de gran interese ecolóxico, social e económico.

Polo que as actuacións formuladas no anterior convenio, asinado o 6 de xullo de 2023, precisan dunha continuidade, tanto pola entrada en vigor de nova lexislación, que require dunha revisión nos traballos de boa gobernanza, como pola necesidade de persistir en liñas de traballo que mostraron uns bos resultados como son a vixilancia das doenzas do castiñeiro ou o foro participativo de Riós.

Neste sentido, o Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde presenta unhas vantaxes obxectivas: por unha banda, está situado nunha área de montaña na que ten especial interese o cultivo do castiñeiro e, por outra, a súa actividade ten un gran arraigo no territorio o que facilita as distintas liñas de traballo necesarias para o impulso do cultivo dos soutos. E, ao tempo, conta cun persoal técnico especializado, con anos de experiencia, que permite asegurar a bondade dos resultados.

Por estas razóns, a achega económica da Consellería do Medio Rural, a través da DXPOF, ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público e económico que, xunto a que o Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde é un centro único na zona dedicado á





finalidade deste convenio, considéranse razóns suficientes que xustifican a falta de concorrencia.

De conformidade co exposto, as partes acordan a sinatura do convenio de acordo coas seguintes **CLÁUSULAS:**

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto instrumentar unha subvención directa ao Inorde para participar, xunto coa Consellería do Medio Rural, a través da DXPOF, nun Programa específico de identificación, vixilancia e promoción da xestión activa dos soutos tradicionais de castiñeiros e das masas de frondosas autóctonas, con especial fincapé na promoción de agrupacións de propietarios para a xestión conxunta sobre figuras de base asociativa, civil ou mercantil, e na loita contra as doenzas do castiñeiro e as frondosas autóctonas, a través da participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde.

Segunda.- Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polas súas cláusulas. En todo o non sinalado, estarase ao previsto na normativa autonómica en materia de subvencións; en especial, nos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36 a 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Así mesmo, cumprírase co previsto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceira.- Programación de actuacións a desenvolver

Actuacións do citado programa que serán financiadas con cargo a este convenio:

A. Vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e de masas de frondosas autóctonas de especial interese

A vitalidade dos soutos e a súa capacidade produtiva requiren dun bo estado fitosanitario. O Centro de Desenvolvemento Agroforestal do Inorde está a levar a cabo accións de loita contra as pragas e doenzas, coherentes e en liña coa actuación levada a cabo neste eido pola DXPOF.

Neste sentido, unha das doenzas mais preocupantes nos soutos de castiñeiro é a doenza do cancro e, para axustar a eficacia dos tratamentos experimentais con cepas hipovirulentas, é necesario xerar un mapa de distribución das cepas virulentas do cancro do castiñeiro nas zonas produtoras de castaña. Neste sentido, o Centro Agroforestal de Riós recollerá un





mínimo de catro mostras de cancro activos en cada un dos concellos que figuran no **Anexo IV**, para a súa analítica e determinación á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, ou a calquera outro laboratorio fitopatolóxico que determine a DXPOF.

Recolleranse as mostras en soutos suficientemente afastados entre si, cun mínimo de dúas e ata un máximo de catro por souto e en dous soutos por concello, o que fai un mínimo de catro e un máximo de oito por concello. En todo caso, serán xeoreferenciadas para a súa localización e análise posterior.

A relación de concellos figura no **Anexo IV. Localización/detección de mostras por cada un dos concellos**, deste convenio.

No caso de executar nunha anualidade a totalidade da toma de mostras nos concellos que figuran no **Anexo IV**, poderase continuar coa toma de mostras noutros, coas mesmas pautas de dous soutos por concello e ata oito mostras por cada un, sempre que isto figure como variación aprobada nos termos da cláusula 10, punto 4.

B. Boa gobernanza

O Centro de Desenvolvemento Agroforestal traballará nestas seguintes liñas:

- Impulsar a xestión conxunta dos soutos e masas de frondosas, coa posta en marcha dos instrumentos recollidos na normativa de recuperación e mobilización da terra agraria, facilitando información e asesoramento ao persoal interesado e, de ser o caso, axudando a completar a información e compromisos necesarios para a súa inclusión no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta.

Prevense dúas tipoloxías posibles de actuacións, cun importe asignado a cada unha delas en función da súa dificultade:

- Actuacións para a constitución de agrupacións forestais de xestión conxunta (AFXC) con base territorial, identificación de superficie e socios, disposición de dereitos de uso, cartografía e tramitación da entidade.
- Actuacións para a regularización de agrupacións forestais de xestión conxunta (AFXC) sen base territorial para a súa constitución.

O **Anexo I** recolle a tipoloxía de actuacións previstas durante a vixencia do convenio.

As actuacións de constitución das AFXC poderán xustificarse en dúas fases independentes incluso en anos distintos, de acordo cos importes establecidos no **Anexo I**:

- Fase de traballos previos (Act 1 – AFXC con base territorial e Act 2 – AFXC sen base territorial)
- Fase de tramitación e inscrición (Act 3)

No epígrafe de Boa gobernanza establécese a posibilidade de modificar a distribución cuantitativa inicial entre as dúas tipoloxías de agrupacións (con ou sen base territorial). Isto permite que unha agrupación poida comezar como unha agrupación sen base territorial,





durante a fase de traballos previos, e evolucionar posteriormente cara a unha con base territorial, na fase de tramitación e inscrición, dado que ambas tipoloxías teñen esixencias distintas no cumprimento dos requisitos.

No caso de que unha agrupación se inicie sen base territorial e ao longo do proceso evolucione cara a unha con base territorial, poderase xustificar o conxunto da actuación como unha agrupación con base territorial. Neste suposto, aplicarase o importe global previsto para as agrupacións con base territorial, polo que o pagamento correspondente poderá incrementarse para compensar a diferenza co importe inicialmente asociado á tipoloxía sen base territorial.

• O **Anexo II** inclúe as limitacións e condicións técnicas mínimas que xustifican os traballos deste apartado de Boa gobernanza, e o **Anexo III** recolle a documentación acreditativa destas actuacións. Nas agrupacións constituídas na provincia de Ourense (Agrupación de Soutos do Canon do Sil Parada do Sil-Parada do Sil, e a Agrupación de Tuxe e a Agrupación de Cambela no Concello de O Bolo) ao abeiro do Plan Piloto de Fomento da Xestión Conxunta de Soutos, asinado o 30 de xaneiro do 2023, fomentaranse as accións seguintes:

- Apoio aos traballos de restauración dos soutos emprendidos pola Consellería do Medio Rural coa Empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA). O apoio consistirá na comunicación ás distintas agrupacións das labores de restauración a executar coa periodicidade necesaria para que os propietarios coñezan tanto os tempos como os traballos concretos que se executarán nas fincas que aportou a agrupación. Tamén actuarán como mediador entre a agrupación e a empresa que execute os traballos no caso de conflitos entre as partes.
- Redacción dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal das agrupacións forestais de xestión conxunta constituídas na provincia de Ourense, segundo o establecido no Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia. A codificación do modelo de datos e a información alfanumérica asociada ás táboas de datos e cartografía dixital será seguindo as Instrucións para a estrutura e codificación da cartografía dos instrumentos de xestión dispoñibles no programa XOFOR (Xestión e Ordenación Forestal).

Este instrumento incluírá un Plan de loita integrada contra doenzas e pragas de cada unha das agrupacións como parte específica e diferenciada dos instrumentos de ordenación ou xestión forestais das agrupacións.

C. Organización de foro participativo

Organización en cada un dos tres anos de vixencia do convenio (2025, 2026 e 2027) dun foro público participativo de experiencias e novidades relacionadas coa recuperación dos soutos tradicionais e novas plantacións de carácter produtivo, ecolóxico ou recreativo e cos procesos





produtivos, entre outros. Os obxectivos son o fomento da participación colectiva, o intercambio de información e establecer canles de comunicación entre os axentes que interveñen na cadea de valor do castiñeiro. Inclúense os gastos derivados da loxística necesaria (posta a disposición/aluguer de medios, manutención, xestións administrativas, etc.).

A organización do foro non pode ser obxecto de variación ou compensación con outras unidades do **Anexo I**, segundo o especificado no cláusula Décima.- Modificación da concesión, no seu punto 4.

Cuarta.- Obrigas das partes

A. Obrigas previas do Inorde á sinatura do convenio:

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración xurada na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño e sen prexuízo do disposto no seu artigo 31.7.
- Autorización á Consellería do Medio Rural para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia que acrediten que a entidade se encontra ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio.

B. Obrigas das partes durante o prazo de vixencia do convenio:

B.1.- Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o Inorde obrígase a:

- Presentar as *Memorias Anuais de programación de obxectivos específicos e actuacións*, de entre as especificadas no **Anexo I** deste convenio, que serán aprobadas mediante resolución da persoa titular da DXPOF. Deberase concretar nas citadas memorias o número de cada unha das actuacións de execución en cada anualidade ata cubrir o importe máximo de 60.500,00 euros/ano. Prazos para a presentación de cada unha das tres memorias:
 - Anualidade 2025: un mes dende o día seguinte ao da data da sinatura do convenio.
 - Anualidades 2026 e 2027: dende o 1 e ata o 31 de xaneiro de cada unha.





- Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias e sociais e de calquera índole que se deriven da aplicación do ordenamento xurídico vixente.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Consellería do Medio Rural como promotora do proxecto na totalidade das actuacións asociadas a este convenio.
- Facilitar a inspección e control da Consellería do Medio Rural, co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira ante a Intervención Xeral da Comunidade autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación reguladora do Consello de Contas.
- Presentar, dentro de prazo, a documentación xustificativa da execución de cada anualidade.

B.2.- A Consellería do Medio Rural, a través da DXPOF, obrígase ao pagamento da subvención establecida, no importe que lle corresponde en función da execución das actividades previstas neste convenio.

Quinta.- Gastos subvencionables

Os gastos obxecto de subvención son aqueles necesarios para a execución das actividades relacionadas no **Anexo I**. Poderán ser subvencionables os necesarios para a execución das actividades en que se incorrera desde o día 01/01/2025.

Con carácter xeral e, de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada. O importe do IVE non se considerará subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, agás que se acredite exención e, consecuentemente, non resulte recuperable para o beneficiario.

O Inorde poderá concertar con terceiros a execución total das actuacións obxecto deste convenio. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o Inorde, que asumirá toda a responsabilidade da execución da actividade subvencionada. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considérase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do Inorde. E este estará obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria dos beneficiarios/as de cada un dos abonos.





Sexta.- Dirección, medios humanos e materiais

1. Todo o persoal que participe ao abeiro deste convenio, desenvolvendo as accións descritas, dependerá tanto xurídica como organicamente do Inorde e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. Polo tanto, aquel asumirá o pagamento dos salarios, a concesión de permisos, licenzas, vacacións e, se é o caso, substitucións. Así mesmo, a imposición, cando proceda, de sancións disciplinarias e cantos efectos de Seguridade Social se deriven; en particular, o abono de cotizacións e o pagamento de prestacións e cantos outros dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

2. O Inorde deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

Sétima.- Orzamento e financiamento da Consellería de Medio Rural

A Consellería do Medio Rural, a través da DXPOF, financiará as accións do presente convenio, dentro das partidas dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, nas aplicacións e proxectos que figuran no seguinte cadro e cos importes máximos:

ENTIDADE	APLICACIÓN	PROXECTO	Axualidades	IMPORTE (€)
DXPOF	15.03.713B.760.0	2016 00208	2025	60.500,00
			2026	60.500,00
			2027	60.500,00
TOTAL				181.500,00

O financiamento será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin.

A Consellería, a través da DXPOF obrígase ao pagamento da subvención no importe que lle corresponde en función da execución das actividades previstas neste convenio.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

As actuacións desagregadas figuran no Anexo I.

Oitava.- Xustificación

O Inorde estará obrigado a xustificar, con data límite o 30 de novembro de cada axualidade, ante a Consellería do Medio Rural, DXPOF, o cumprimento da finalidade do convenio para ese





ano, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría do Inorde, co visto e prace da presidencia, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención. Presentar un informe coas actuacións realizadas e os obxectivos acadados, os gastos xerados, as facturas contabilizadas e, de existir, xustificacións dos pagamentos realizados ao persoal asignado ás actuacións descritas no clausulado do convenio.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables a cada unha das actuacións subvencionadas coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Pagamento

Os pagamentos por parte da Consellería do Medio Rural, a través da DXPOF, realizaranse con cargo ao financiamento sinalado na cláusula Sétima.

Isto, por cada unha das anualidades, unha vez que o Inorde presente, de acordo co disposto na cláusula Oitava, dentro de prazo, a documentación xustificativa e tras a verificación e certificación pola Administración.

Décima.- Modificación da concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención, sen prexuízo do indicado no seguinte parágrafo.





2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Consellería do Medio Rural poderá acordar a modificación do convenio por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Consellería do Medio Rural, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto 2. De non facelo, poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta leve consigo unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

4. Non terá a condición de modificación da concesión a variación do respectivo número de unidades previstas para as accións A e B especificadas no **Anexo I**.

Neste sentido, o número de unidades que se irán a executar de cada unha das accións por cada anualidade poderase compensar por razóns de índole técnica, o que implica a correspondente variación económica.

Polo tanto, é posible tanto a variación dentro do ámbito de cada unha das actuacións (A ou B) como unha variación que afectara a A e B simultaneamente, así como o cambio entre as distintas anualidades.

Isto, sempre que se cumpra unha destas condicións previas:

- 1) Que figure na memoria anual
- 2) Ou ben que se formule pedimento concreto do Inorde ou exista iniciativa dos membros da comisión de seguimento.

En todo caso, debe existir acordo favorable desta comisión, se o estima viable.

O importe total da axuda será dun máximo de 60.500,00 euros para cada un dos anos 2025, 2026 e 2027 e as variacións aprobadas pola comisión non poderán superar este límite. En todo caso, non será admisible este tipo de variación respecto da actuación C.

Décimo primeira.- Minoración da subvención

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao importe máximo establecido no **Anexo I**, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.





Producirase a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

Décimo segunda.- Reintegro

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da citada lei, os criterios de gradacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ao dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.
- A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves, graves e moi graves, en materia de subvencións, as recollidas nos artigos 54, 55 e 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que poderán dar lugar ás sancións establecidas nos seus artigos 59, 60 e 61.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento composta por 4 persoas, dúas persoas por cada entidade que participa no presente convenio:

- Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde)

A válida constitución deste órgano precisa da asistencia, como mínimo, dun representante de cada unha das ditas entidades.

Estará presidida polo titular da DXPOF ou representante en quen delegue. Son funcións desta comisión de seguimento:

- a. Velar polo cumprimento do convenio.
- b. Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.





c. Propoñer a aprobación, en cada unha das anualidades, da respectiva **Memoria Anual de Programación de Obxectivos Específicos e Actuacións.**

d. Propoñer a iniciativa dos seus membros e, de ser o caso, aprobar as posibles variacións previstas na cláusula Décima, punto 4.

Esta comisión reunirase inmediatamente para a resolución de calquera incidencia ou pedimento relacionados co convenio e, ademais, realizará as funcións que se lle atribúen nas demais cláusulas deste convenio.

Décimo cuarta.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nel sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e, en concordancia co disposto na da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Décimo quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Décimo sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Consellería de Medio Rural.

Décimo sétima.- Xurisdición competente

De conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, esta será competente para entender os litixios que puideran





xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio, que non puideran ser resoltos polas partes.

Décimo oitava.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 do decembro de 2027. Sen prexuízo de que serán subvencionables os gastos necesarios para a execución das actividades que nel se recollen e en que se incorrera dende do 01/01/2025.

Décimo novena.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos de conformidade coa normativa recollida nas cláusulas do convenio e as referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Estas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio, respectaranse cantas esixencias están dispostas na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, a perdas, a tratamentos ou accesos non autorizados.

E, en proba de conformidade, asíñase dixitalmente o presente convenio.

O presidente do Inorde
Rosendo Luis Fernández Fernández

A conselleira do Medio Rural
María José Gómez Rodríguez





Anexo I.- Actuacións obxecto de subvención e importes máximos de axuda a incluír na *Memoria Anual de Programación de Obxectivos Específicos e Actuacións* en cada unha das anualidades (2025,2026 e 2027).

Actuacións previstas:

A. Vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e de masas de frondosas autóctonas de especial interese

B. Boa gobernanza

C. Foro participativo

REFERENCIA DE ACTUACIÓNS POR CADA UNHAS DAS ANUALIDADE

Actuacións	Unidades	Referencia de unidades	Importe unitario máximo abonable pola DXPOF (€)	Actuacións que se deben executar	Importe total máximo abonable por DXPOF
A. Vixilancia e loita	Localización/detección de 4-8 mostras por cada un dos concellos do Anexo IV , ou aprobados na Memoria Anual de Programación de Obxectivos Específicos e Actuacións	15 concellos con 4-8 mostras por concello cada ano	105,00/mostra de cancro		60.500,00
B. Boa gobernanza	Act 1. Fase Traballo previos. Actuacións para a constitución de agrupacións forestais de xestión conxunta con base territorial, identificación de superficie, socios, disposición de dereitos de uso, cartografía e tramitación da entidade	1 agrupación	$C = 100 \cdot (S + P1 + P2) / 2$ S = Superficie total (ha) P1= núm. de posuidores de dereitos de usos ou xestión das parcelas da agrupación P2=núm. de parcelas	De acordo coas que se aproben na Memoria Anual de Programación de Obxectivos Específicos e Actuacións, segundo o determinado na cláusula 4.B	
	Act 2. Fase traballos previos. Actuacións para a regularización de agrupacións forestais de xestión conxunta sen base territorial para a súa constitución	1 agrupación	2.100,00/agrupación		
	Act 3. Fase tramitación e inscrición da AFXC	2 agrupacións	3.000,00/agrupación		
	Redacción de instrumento de ordenación ou xestión de soutos con recoñecemento de agrupación forestal de xestión conxunta que contemplan especificamente a planificación fitosanitaria	1 instrumento agrupacións constituídas no Plan Piloto en Ourense	$(9,1 \times \text{Superficie en ha}) + 3.254,00/$ instrumento		
	Apoio os traballos de restauración dos soutos	250 horas anuais	60,00/hora		
C. Foro participativo	Realización de foro	1 foro anual	11.500,00	1 foro	





Anexo II.- Limitacións e condicións técnicas mínimas de actuacións do epígrafe B. Boa gobernanza

N.º clave traballo	Actuación	Limitacións e condicións técnicas mínimas das actuacións
Act-1	Listaxe identificativa da superficie da iniciativa de constitución AFXC	Listaxe para identificar a superficie da iniciativa de actuación de xestión ou comercialización conxunta, mediante o conxunto das referencias catastrais, desagregando aquelas das persoas socias daquelas que non son pero das cales se dispón a delegación do seu uso co seu prazo de cesión, e para cada unha delas, coa relación da persoa ou persoas titulares (NIF ou CIF e nome) xuntamente coa súa porcentaxe e dereito sobre a parcela catastral (PR: propiedade, NP: nuda propiedade, US: usufruto, CA: concesión administrativa, DS: dereito de superficie ou DF: desfrutador). Estes datos serán achegados en formato *.xls, *.xlsx, *.csv, *.ods, conforme ao modelo publicado no enlace web https://mediorural.xunta.gal/es/temas/forestal/a-estructura-da-propiedade/agrupacions-forestais
	Listaxe do tipo de participación da persoa socia	Listaxe onde, para cada persoa socia, de ser o caso, se indique o tipo de participación (de superficie, de capital, mixta), clase de participación (forestal, xeral), número de participacións, e prazo de delegación ou cesión en anos. Estes datos serán achegados en formato *.xls, *.xlsx, *.csv, *.ods, conforme ao modelo publicado no enlace web https://mediorural.xunta.gal/es/temas/forestal/a-estructura-da-propiedade/agrupacions-forestais
	Documentación acreditativa da disposición dos dereitos de uso da superficie das terras de natureza forestal para incluír na AFXC	Documentación que acredite a disposición dos dereitos de uso da superficie das terras de natureza forestal incluídas no ámbito da iniciativa de xestión ou comercialización conxunta. Poderase acreditar a disposición dos dereitos de uso dunha porcentaxe superior ao 70 % da superficie das terras incluídas no ámbito da iniciativa. Respecto da xustificación dos dereitos de uso, para os efectos recollidos na Lei 7/2012, de montes de Galicia, e salvo proba en contrario, a Administración considerará a persoa que con tal carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais, ou finalmente a quen o sexa pública e notoriamente, aínda que careza do oportuno título escrito. (art. 122 quater d "in fine") e presente unha declaración responsable aos efectos
Act-2	Identificación da iniciativa de constitución AFXC básica	Listaxe identificativa da superficie da iniciativa de constitución AFXC: listado da relación das referencias catastrais das que se declaran propietarios ou titulares as persoas socias asinado polo representante da agrupación segundo o establecido na liña e) do apartado 1 do artigo 122 quater da Lei 7/2012, do 28 de xuño. Tamén se debe incluír a superficie das parcelas e identificación do titular. Cartografía poligonal coa superficie da actuación de xestión conxunta en formato shapefile e datum ETRS89-UTM29N.
		Cartografía poligonal da superficie da iniciativa de actuación de xestión conxunta.
Act-3	Gastos de tramitación de inscrición da entidade solicitante.	Inscrición no Rexistro apropiado segundo natureza da entidade solicitante (asociativa, civil, mercantil,...), obtención de número de identificación fiscal (NIF), obtención de certificado electrónico, redacción de acta de constitución da entidade, gastos de tramitación para inscrición no rexistro de AFXC.





Anexo III.- Documentación acreditativa das actuacións do epígrafe B. Boa gobernanza

Documentación acreditativa do cumprimento das actuacións a entregar como documentación complementaria xunto coa solicitude de pagamento

N.º clave	Actuación	Documentación acreditativa do cumprimento da actuación que debe achegar a persoa beneficiaria
Act-1	Listaxe identificativa da superficie da iniciativa de constitución AFXC	A listaxe
	Listaxe do tipo de participación da persoa socia	A listaxe
	Documentación acreditativa da disposición dos dereitos de uso da superficie das terras de natureza forestal para incluír na AFXC	Documentación que acredite o dereito de uso asinada
	Cartografía poligonal da superficie da iniciativa de actuación de xestión conxunta.	Cartografía en formato shapefile
Act-2	Identificación da iniciativa de constitución AFXC básica	As listaxes e cartografía en formato shapefile
Act-3	Gastos de tramitación e inscrición da entidade solicitante.	Solicitude de inscrición ou certificado rexistral da súa inscrición





Anexo IV.- Localización/detección de 4-8 mostras por cada un dos concellos

Concellos onde tomar as analíticas do tipo de cepa de cancro do castiñeiro virulenta predominante

PROVINCIA	DISTRITO	CONCELLO
Lugo	A Fonsagrada - Os Ancares	A Fonsagrada
		As Nogais
		Baralla
		Becerreá
		Cervantes
		Navia de Suarna
	Lugo - Sarria	Paradela
		Samos
		Sarria
	Terra de Lemos	Carballedo
		Chantada
		Folgoso do Courel
		O Saviñao
		Pantón
		Pobra de Brollón
Quiroga		
Ribas de Sil		
Ourense	Miño - A Arnoia	Sober
		Nogueira de Ramuín
	Valdeorras - Trives	A Rúa
		A Teixeira
		Carballeda de Valdeorras
		Castro Caldelas
		Manzaneda
		O Barco de Valdeorras
		Petín
		Rubiá
	Verín - Viana	San Xoán de Río
		Vilamartín de Valdeorras
		A Mezquita
		Cualedro
		Monterrei
		Vilariño de Conso



